



DIRECCIÓN DE RR.HH. E RÉXIME INTERIOR
Servizo de Réxime Interior

INFORME TÉCNICO SOBRE AS PROPOSICIÓNS PRESENTADAS POLAS EMPRESAS CONCORRENTES AO PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS PARA OFICINAS E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO EDIFICIO DO PARLAMENTO DE GALICIA E PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS CO CONSEGUINTE REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN

I. Criterios avaliados cuxa cuantificación depende de xuízo de valor

A base décima do prego de cláusulas administrativas que rexe na contratación de referencia establece, para a valoración das proposicións que se presenten, os criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

O valor técnico das ofertas terá un máximo de **49 puntos** e para establecelo teranse en conta os aspectos relativos ao plan de traballo, os medios persoais, as medidas de seguridade, e sobre todo a memoria técnica que contemple os aspectos sinalados no pto. 24.2 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

Para a avaliación das ofertas efectúase unha puntuación correspondente a cada un dos aspectos anteditos coa seguinte cuantificación:

- a) Medios persoais e cualificación técnica do equipo, ata un máximo de **15 puntos**
- b) Memoria técnica ata un máximo de **34 puntos** que se distribuirán do xeito seguinte:

Medios materiais, **10 puntos**

Planificación e organización da obra, **18 puntos**

Medidas de seguridade, **6 puntos**

Do estudo pormenorizado da documentación achegada polas empresas no sobre B e de acordo cos criterios anteditos, valóranse tecnicamente as ofertas segundo a seguinte táboa de valores:

| Empresas | | AFC | CANOSA | SERVINOR |
|--|--|-----------|-----------|-----------|
| Medios persoais. Cualificación do equipo técnico (15 puntos) | | 15 | 8 | 15 |
| Memoria técnica (34 puntos) | Medios materiais (10 puntos) | 10 | 4 | 10 |
| | Planificación e organización da obra (18 puntos) | 12 | 6 | 18 |
| | Medidas de seguridade (6 puntos) | 6 | 4 | 6 |
| TOTAL PUNTOS | | 43 | 22 | 49 |

II. Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas: de 0 a 51 puntos

As ofertas presentadas nos sobres C polas empresas participantes e a correspondente puntuación obtida segundo a fórmula establecida no punto 16 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas son as seguintes:

| EMPRESA | Prezo ofertado (sen IVE) | Puntuación |
|---|-----------------------------|------------|
| Construcciones Canosa, s.l. | 195.000,00 € | 20 |
| Servicios Integrales del Noroeste, s.l. | 190.000,00 € | 40 |
| Antonio Framiñan Construcciones, s.l. | 200.000,00 € | 0 |

| EMPRESA | Prazo de execución | Puntuación |
|---|--------------------|------------|
| Construcciones Canosa, s.l. | 11 semanas | 10 |
| Servicios Integrales del Noroeste, s.l. | 10 semanas | 11 |
| Antonio Framiñan Construcciones, s.l. | 12 semanas | 0 |

Respecto da oferta presentada por "Antonio Framiñan Construcciones, s.l." o prezo ofertado é o mesmo que o prezo de licitación, e o prazo de execución non mellora o establecido como máximo no prego de cláusulas administrativas, polo tanto se lle outorgan 0 puntos.

Polo tanto a puntuación obtida polas empresas concorrentes segundo os criterios de adxudicación da cláusula novena do prego de cláusulas administrativas, son as seguintes:

| EMPRESA | Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor | Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas | | Puntuación Total |
|---|---|--|-------|------------------|
| | | Prezo | Prazo | |
| Servicios Integrales del Noroeste, s.l. | 49 | 40 | 11 | 100 |
| Construcciones Canosa, s.l. | 22 | 20 | 10 | 52 |
| Antonio Framiñan Construcciones, s.l. | 43 | 0 | 0 | 43 |

En consecuencia a orde de clasificación das ofertas presentadas en función da puntuación total obtida polas entidades concorrentes en base aos criterios de adxudicación da cláusula décima do prego de cláusulas administrativas é a seguinte:

1º. SERVICIOS INTEGRALES DEL NOROESTE, S L

2º. CONSTRUCCIONES CANOSA, SL

3º. ANTONIO FRAMIÑÁN CONSTRUCCIONES, SL

En base ao exposto e conforme ao establecido na base décimo primeira do prego de cláusulas administrativas procede someter á Mesa do Parlamento de Galicia a proposta de clasificar as ofertas presentadas na citada orde e, consecuentemente, requirir á empresa que presentou a oferta máis vantaxosa, SERVICIOS INTEGRALES DEL NOROESTE, SL para que presente, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requirimento a documentación esixida na base décimo primeira, apartado 2 do prego de cláusulas administrativas para proceder, no seu caso, á adxudicación do contrato.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2013

Vº e prace
O Letrado Oficial Major
Xosé Antón Sarmiento
Méndez


PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE RÉXIME INTERIOR
 Javier Freire González
 Xefe do Servizo de Réxime Interior

Mesa do Parlamento de Galicia